

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	VIGO
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Pedro de Matamá
<b>Dirección</b>	Rúa dos Canteiros, 95. 36213
	42.200972 -8.738308
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>Templo de planta rectangular con ábsida máis elevada que a nave que presenta cuberta a dúas e catro augas respectivamente. É de estilo neoclásico e foi construída no século XVIII. O elemento máis destacado do edificio é a fachada, de crestería calada que se dispón sobre os aleiros. Xunto a este elemento sobrancea a cuberta vidrada en cobre do campanario.</p> <p>O resto da fachada dispón dunha porta de acceso central, situada no eixo da composición. Sobre ela un fornello que acolle unha figura sacral flanqueada por volutas e ocelos calados en forma de cruz. O edificio remátase en altura por medio dun campanario de planta cuadrangular de dous corpos, o inferior balconado.</p> <p>No seu campanario destaca tamén a colocación de fragmentos cerámicos vidrados e coloreados en verde de orientación vertical e horizontal.</p> <p>No interior da igrexa atópase un retablo que pertenceu á Colexiata de Santa María de Vigo.</p> <p>No ano 1913 un raio derrubou o campanario. As obras para a súa reconstrución duraron ata o ano 1915.</p>
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	28-02-2026

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">ANÓNIMO (GALICIA)</a>	2001	88	395

Torre-campanario	<a href="#">Mediana.</a>	<a href="#">SILVA SANTOS, SIMÃO ANTÓNIO</a>	1875	90	422
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">FELICIANO</a>	1870	102	614

Información completa: [Igrexa de San Pedro de Matamá - VIGO \(GALICIA\)](#)

PDF (16-06-2026)